

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3021

Feitos

Con data do 15 de abril do 2025, a profesora Patricia Sabín Díaz, presidenta da comisión de selección da praza 25/3021, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), comunica que os seguintes membros da comisión incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

Pedrés Fernández, Óscar: secretario titular

López Bahut, María Emma: secretaria suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución das secretarías titular e suplente.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretario titular: substitúese a Óscar Pedrés Fernández por Santiago Barge Ferreiros, proposto polo departamento con data do 20 de abril de 2025.

Secretaria Suplente: substitúese a María Emma López Bahut por María Concepción Carreiro Otero, proposta polo departamento con data do 20 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández